



PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO.

APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 1/2025 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO QUE INCLÚE UN SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2025 E UN CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1/2025.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 4 de abril de 2025, acordou aprobar o expediente de modificación de crédito, Suplemento de crédito n.º 1/2025 e Crédito extraordinario nº 1/2025, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024 a vez que dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aprobación e tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A devandita modificación afecta a:

*** Gastos correntes (Capítulo II):**

- *Aplicación 1360.22104, para adquisición de vestuario consistente en guantes e botas para o persoal operativo e roupa de parque para o persoal de novo ingreso.*
- *Aplicación 1360.22199, para adquisición de materiais funxibles precisos para as intervencións como espumóxeno, humectante, etc..*
- *Aplicación 1360.22706, para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos procedementos operativos, requiridos por inspección laboral e previstos no convenio colectivo.*

*** Transferencias correntes (Capítulo IV):**

- *Aplicación 1360.46702, cota Asociación de Consorcios e Servizos de Bombeiros de España, (CONBÉ)2025, acordada pola Asamblea Extraordinaria de data 17-01-2025 e que supón un incremento respecto da prevista inicialmente no Orzamento.*

***Gastos de investimento (Capítulo VI): segundo se pon de manifesto pola Xerencia:**

- *Aplicación 1360.62300, para atender a necesidades da adquisición de equipamento técnico e utillaxe*
- *Aplicación 1360.62400, para atender a necesidade da adquisición de un BUP para o parque de Bueu e un BUP para o parque de O Porriño.*
- *Aplicación 1360.62900, para atender a necesidade da adquisición de traxes de intervención, traxes de intervención químicos, botellas de aire.*
- *Aplicación 1360.63400, para mellora de dotacións en vehículos de intervención.*

Ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda; propónse ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de crédito, Suplemento de crédito n.º 1/2025 e Crédito extraordinario nº 1/2025, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025





CAPITULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.22104	105.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	VESTIARIO PARQUES
1360.22199	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	MATERIAL FUNXIBLE DE INTERVENCIÓNS
1360.22706	215.000,00 €		ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS
TOTAL	350.000,00 €		

CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.476.02	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	COTA ANUAL CONBE
TOTAL	1.000,00 €		

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.623.01	96.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE
1360.63400	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE VEHÍCULOS
TOTAL	106.000,00 €		

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025

CAPITULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.624.00	950.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENO NOVO EN VEHÍCULOS
1360.62900	350.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS (TRAXES INTERVENCIÓN-BOTELLAS AIRE, CASCOS, MÁSCARAS)
TOTAL	1.300.000,00 €		

Quedando o resume por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	4.601.800,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.121.720,92	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00
4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00





6	Investimentos reais	1.747.479,66	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	2.112.300,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.487.000,58		TOTAL	7.487.000,58

2º.- En cumprimento do artigo 16º Real Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer o devandito expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións a devandita modificación considerárase definitivamente aprobada.

O Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda.

O deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Emerxencias.

